

## Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

Un domingo de outubro, moi de mañá, dous amigos colleron as súas canas e saíron a pescar.

Cando chegaron ao río, un, dilixente e traballador, metíase na auga coa cana e enchía a súa cesta de fermosas troitas. O outro, folgazán e friorento, permanecía na beira buscando o sol para quentarse.

Rematada a xornada, no momento de volver á casa, o pescador folgazán achegouse ao seu amigo e dixo:

—Amigo, é hora de volver, repartamos as troitas da cesta e vaíamos cada un para a súa casa.

Pero o seu compañeiro respondeu:

—Ea, amigo! Eu tiven que pasar frío e humidade para coller estes peixes, e ti estiveches na beira tomando o sol. E agora queres que che dea as miñas troitas? Quen queira peixes que se molle.



Belén BERMEJO

1. Que día da semana ocorreu esta historia? **Un domingo de outubro.**
2. Que estación do ano era? **Outono.**
3. Que foron facer os dous amigos? **Colleron as súas canas e foron pescar.**
4. Quen pescou as troitas? Por que? **O dilixente e traballador. Porque se meteu na auga coa cana e traballou.**

## Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

5. Escribe un adxectivo para dicir como é cada cousa.



\_\_\_\_\_

Resposta aberta.

7. Escolle o adxectivo adecuado e completa.

escura    negros    contaminada    simpática    tranquilo    novas

- Os ollos **negros**
- As bicicletas **novas**
- A noite **escura**
- O home **tranquilo**
- A auga **contaminada**

8. Completa cun adxectivo. **Resposta libre.**

- A película é \_\_\_\_\_.
- Breixo está \_\_\_\_\_.
- Os camións son \_\_\_\_\_.
- Aqueles edificios están \_\_\_\_\_.
- A nosa vila é \_\_\_\_\_.

## Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

9. Le, rodea as palabras con r e completa a táboa.

Mario corre arredor do carro do burro. Agarda a que a súa nai remate rápido de recoller as peras da pereira.

r suave	r forte	
	Ao comezo de palabra	No medio de palabra
Mario, peras, pereira.	Remate, rápido, recoller.	Corre, arredor, carro, burro, agarda.

10. Escribe unha oración coas palabras roda, nariz e xerra.

---

---

---

11. Completa con r ou rr.

No enreixado do valado do xardín medra unha enredadeira. Tamén hai unha roseira que corre polo teito de ferro da glorieta central. No verán está cuberta de rosas amarelas.

## Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 12. Completa o texto coas palabras.

camiño horta outeiro vacas tomates lama granxa

Mateo vive nunha **granxa**. O seu pai traballa o campo e cría **vacas** e ovellas. A nai cultiva unha **horta** da que sacan leitugas, pementos, **tomates** e verdura que logo vende no mercado. A granxa está ao pé dun **outeiro** e preto dun río. Para chegar hai que deixar a estrada e meterse por un **camiño** de terra que no inverno se enche de **lama**.

### 13. Completa con vogais.

- Na **h**orta de **S**abela medran **t**omates.

### 14. Escribe unha oración con cada unha destas palabras.

**Resposta libre.**

- outeiro: \_\_\_\_\_

- granxeiro: \_\_\_\_\_

## Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 15. Completa a descrición coas palabras.

cores crina pezuños alto áxil catro rabo alongada herba

O cabalo é un animal **alto**. Pode ser de moitas **cores**: negra, marrón, branca... Ten **catro** patas que rematan en **pezuños**. A súa cabeza é **alongada**. Na parte de arriba do pescozo ten unha **crina** e tamén no **rabo**. É un animal **áxil**. Aliméntase de **herba**.

### 16. Pensa nun animal que che guste. Descríbeo.

Resposta libre.

---

---

---

---

### 17. Le a descrición. Que animal pode ser? Debúxao. Resposta aberta.

É pequeno e desprázase arrastrándose.  
O corpo é brando e alongado. No lombo ten unha cuncha en espiral. Na pequena cabeza ten catro cornos. Aliméntase de plantas.

